



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 32

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

21 de setembro de 1994

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

(Continuación):

Punto único .-

- Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución (doc. núm. 2.761).

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día) (continuación).

O Sr. presidente dá conta das propostas de resolución admitidas pola Mesa (páx. 2308).

Defensa das propostas de resolución: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 2308), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 2315) e Sr. González Suárez (P) (páx. 2320).

Suspéndese a sesión ás cinco e cincuenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás sete e vinte minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións respecto das propostas de resolución dos demais: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 2322), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 2325) e Sr. Vázquez Portomeñe (P) (páx. 2326).

O Sr. González Suárez (P) (páx. 2328), o Sr. Rodríguez Sánchez (BNG) (páx. 2328), o Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 2329) e a Sra. Porteiro García (S) (páx. 2329) interveñen para unha cuestión de orde.

Votación da proposta de resolución núm. 1 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención (páx. 2329).

Votación da proposta de resolución núm. 2 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención (páx. 2329).

Votación da proposta de resolución núm. 3 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 41 votos a favor, 18 en contra e 12 abstencións (páx. 2329).

Votación da proposta de resolución núm. 4 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 59 votos a favor, ningún en contra e 12 abstencións (páx. 2330).

Votación da proposta de resolución núm. 5 do G.P. Popular de Galicia: aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención (páx. 2330).

A Sra. Porteiro García (S) (páx. 2330) e o Sr. González Suárez (P) (páx. 2330) interveñen para unha cuestión de orde.

Votación das propostas de resolución núms. 4, 9, 10, 27, 30, 45, 57, 61, 65 e 66 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 12 votos a favor, 41 en contra e 18 abstencións (páx. 2331).

Votación das propostas de resolución núms. 54, 67 e 49 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 12 votos a favor, 59 en contra e ningunha abstención (páx. 2331).

Votación da proposta de resolución núm. 51 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobada por 53 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións (páx. 2331).

Votación das propostas de resolución núms. 8, 19, 21, 22, 24, 26, 53, 55 e 62 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: aprobadas por unanimidade (páx. 2331).

Votación do resto das propostas de resolución do G.P. do Bloque nacionalista Galego: rexeitadas por 30

votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención (páx. 2331).

A señoría Porteiro García (S) (páx. 2331), o Sr. Suárez Canal (BNG) (páx. 2331) e o Sr. González Suárez (P) (páx. 2332) interveñen para unha cuestión de orde.

Votación das propostas de resolución núms. 10, 13, 16, 18, 21, 24 e 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención (páx. 2332).

Votación da proposta de resolución núm. 17, do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitada por 18 votos a favor, 41 en contra e 12 abstencións (páx. 2332).

Votación das propostas de resolución núms. 1, 2, 3, 6, 8, 9, 19, 25, 28, 29, 34, 35, 42, 62, 97, 100, 117, 121, 122, 133, 139, 143, 151, 153 e 179 do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 18 votos a favor, 41 en contra e 12 abstencións (páx. 2332).

Votación das propostas de resolución núms. 51, 63, 73 e 116 do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 18 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención (páx. 2333).

Votación das propostas de resolución núms. 4, 30, 47, 70, 105, 106, 107, 109, 110, 130 e 157 do G.P. dos Socialistas de Galicia: aprobadas por unanimidade.

Votación do resto das propostas de resolución do G.P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención (páx. 2334).

Levántase a sesión ás oito e vinte minutos da tarde.

Reiníciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN. (Continuación).

O señor PRESIDENTE: Señores e señoras deputados, reiníciase a sesión.

A mesa do Parlamento, na reunión celebrada esta mañá, examinou e procedeu á cualificación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios e acordou admitir a trámite e cualificar 5 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, admitir a trámite 67 propostas presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG acordando sobre as mesmas o seguinte:

Desbota-la iniciativa número 46 por se-la materia proposta competencia da Cámara e non do Executivo. Suprimir na proposta número 63 os apartados segundo e terceiro por coincidir literalmente no seu contido coa proposta de resolución número 48. E, terceiro, admitir a trámite as 181 propostas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista retirando por diversas razóns as números 37, 45, 53, 129 e 180.

Conforme o acordado na reunión da Mesa e da Xunta de Portavoces, corresponde unha primeira rolda de intervención de grupos parlamentarios para a defensa das súas propias propostas.

Ten a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Grupo Parlamentario do BNG, señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, tal como foi exposto pola Presidencia da Cámara, corresponde nesta rolda presentar, argumentar e defende-las propostas de resolución que o noso grupo trae a este debate, deixando para outro momento do debate o noso posicionamento, que será explíci-

to e moi concreto, respecto das iniciativas dos outros grupos parlamentarios e moi singularmente, como é lóxico, das do Grupo Popular, que plasman cuestións, propostas e posicionamentos xa adiantados onte polo señor presidente do Goberno no seu discurso.

A ese respecto, eu quixera dicir que nós tentamos con esta serie de iniciativas -un total de 67, non todas, en absoluto, do mesmo rango, da mesma importancia, da mesma relevancia, do mesmo alcance- facer unha mostra e suxerir-lle ideas con esa mostra, ó propio Goberno, do que é todo o programa do BNG. Antes preguntábaseme nese sentido.

O BNG ten un programa, eu supoño que o lóxico sería que os demais grupos políticos coñecesen o programa do BNG porque, á fin e ó cabo, foi presentado publicamente, mesmo foi presentado a unhas eleccións coma as de 1993, pero ten un programa que, ademais, non é utópico, señor Fraga.

Nós non renunciamos á utopía, porque as forzas progresistas na sociedade, na historia do planeta, nunca renunciaron ás utopías -senón non se tería movido nunca máis ca dunha maneira mecánica ou por propia evolución biolóxica das especies-, pero iso non ten nada que ver con que, en troques, nós non teñamos uns obxectivos programáticos moi precisos e perfectamente encadrables dentro do marco constitucional vixente, aínda que nós, como obxectivos esxtratéxicos propios, coas aspiracións da conciencia máis lúcida deste pobo, do sector que máis encarna a súa propia personalidade historicamente -¿e se non por que vostede menciona e agora reverencia a Castela, que supoño que non estaría de acordo con iso da “región galega”?-, temos uns obxectivos estratéxicos que transcenden a actual Constitución española, como transcenden a actual conformación de Europa, como transcenden a actual situación histórica deste país.

Non veñamos, polo tanto, con ceremonias de confusión nin intentando confundi-los cidadáns, mesmo ós que escoitan en directo, como se fosen analfabetos. Nós non temos por costume trata-los cidadáns como se fosen subnormais; se vostedes fan iso, ¡alá vostedes!, pero non nos van confundir.

Non veña vostede tampouco, ou calquera dos seus voceiros, intentando asusta-la xente coas cuestións do independentismo, ó que onte nin sequera me molestei

en contestar, pero hoxe si porque se trata de falar de programas, do que é realizable e en que condicións.

Señor Fraga, cando unha organización política respecta o pluralismo ideolóxico ten que empezar por respectalo dentro dela. Segundo, cando esa organización política é unha fronte -aquí parece que non se acaba de entender que á parte do que estaba normalizado como partidos políticos existen formas de organización como é unha fronte de forzas políticas e unha fronte de afiliación de individuos directamente a tal fronte-, hai segmentos dentro do BNG que postulan concretamente a independencia de Galicia como forma de resolver-lo proceso de autodeterminación, pero o BNG, que é plural e respectuoso coa adopción de pautas programáticas e de principios políticos asumibles polo conxunto do espectro, nin nos seus principios nin nas súas campañas nin nos seus enunciados, nunca propugnou especificamente a fórmula da independencia de Galicia, senón que sempre dixo que se loita pola consecución de institucións políticas soberanas propias.

Por exemplo, se vostede fose a Madrid para defender unha fórmula confederal para o Estado español actual, que sería perfectamente compatible coa unidade do Estado español, pero cunha forma de vertebración directa, distinta, evidentemente que iso sería encaixable coas reivindicacións do BNG neste momento. E se fai o favor de atenderme en vez de estar despachando con outros señores mentres eu estou falando para vostede, señor Fraga,... Pido un respecto.

O señor PRESIDENTE: Non está autorizado para chamarlle a atención a ninguén. Non altere a orde.

O señor BEIRAS TORRADO: Lamento moito subrogarme nas funcións do presidente, pero pido por favor un respecto porque estou falando dunha cousa seria, señor Fraga. Comprendo que todos nos podemos distraer mentres se fala nesta tribuna e atender outras cousas, pero é que estou contestando a algo que é moi serio e quero deixalo claro ante os cidadáns, absolutamente claro ante os cidadáns.

Quero recordar que o nacionalismo galego organizado cara a unha ruptura democrática no Estado español, en 1976, no que se chamaba o Consello de Forzas Políticas Galegas, no momento en que estaba no horizonte unha ruptura total co franquismo, e non simple-

mente unha reforma democrática como tivo lugar, o que propuxo foi un documento de bases constitucionais para a participación da nación galega nun pacto federal do Estado español. O nacionalismo apostaba naquel momento por unha forma de Estado federal da que se está a falar tódolos días nos medios políticos, con conspiracións republicanas ou sen elas, ¿de acordo?, e que é perfectamente asumido polas forzas políticas civilizadas no ámbito do Estado. Polo tanto, a ver se aclaramos estas cousas.

Dentro do BNG hai independentistas, por suposto, ¿que pasa?, ¿habería que mandalos ás mazmorras como se facía no franquismo cos simples nacionalistas?, ¿temos que mandalos nós?, e hai, evidentemente, persoas que están por unha fórmula federal de convivencia dos pobos do Estado español, e os denominadores comúns diso chámanse institucións políticas soberanas propias de Galicia, e unha fórmula de Estado que non é, desde logo, o que vostede vai defender a Madrid, e iso vai quedar claro, imos empezar por aí.

Nós non estamos de acordo coa unidade superior de España porque non admitimos superioridades na convivencia política nin na vertebración política dos pobos, e vostede fala sempre da unidade superior de España que, ademais, é unha fórmula joseantoniana a estas alturas. Nós estamos por unha unidade, unha vertebración politicamente adecuada do Estado español coma un ente político nesta conxuntura e neste horizonte histórico, sobre o pé, naturalmente, da unidade entre iguais, e a unidade entre iguais significa un pacto federal, é lóxico.

Nós estaríamos completamente de acordo cunha fórmula dese tipo neste momento e iríamos defendela ás Cortes españolas, pero claro, ¿que acontece?, ¿que é iso dunha estrutura federal, unha simple formalidade ou o intento de plasmación na superestructura política de realidades sociopolíticas que na historia do pensamento político, do pensamento social, se chamaron nacións a partir dun determinado momento? Se a Constitución española é a primeira que reconece e explicita que ademais de rexións, de provincias sen identidade histórica, existen nacionalidades históricas, é unha forma, coa linguaxe da Constitución, de recoñecer que á parte do que se chama España existen feitos nacionais, nacionalidades históricas, que son precisamente Galicia, Euskadi e Cataluña, e iso dá lugar

a que na Constitución española a organización e a formulación dos presupostos, e mesmo a metodoloxía de posta en práctica do Estado das autonomías, non sexa uniforme para todas, señor Fraga, vostede sábeo perfectamente.

Non teñen o mesmo rango, nin en competencias nin en forma de elaborarse e aprobarse os estatutos, Cataluña, Euskadi e Galicia que Andalucía e Valencia ou que La Rioja e Murcia, e isto non é menospreciar a ninguén, é que só se pode tratar como iguais sobre as bases dos criterios de igualdade. Evidentemente que se Galicia é unha nacionalidade histórica e Murcia non o é e La Rioja tampouco, vostede non pode prescindir dese feito sociopolítico, sociocultural e sociohistórico cando queira organiza-la superestrutura do Estado español, non pode dar café para todos dando igual cales son as comunidades autónomas, sexa La Rioja, sexa Cataluña ou Galicia. ¡Non pode ser! Vostede incorre nun erro moi grave, deformación propia dos que teñen unha visión conservadora dos fenómenos políticos, é dicir, unha visión formalista fundamentalmente.

¿Cal é? Vostede opera como se aquí fosen as comunidades autónomas os *länder* alemáns, e os *länder* son estados federados na federación alemana. Alemaña, antes a occidental e agora todo o conxunto, é un Estado federal nacido dun pacto federal, onde hai uns contidos de soberanía que residen nos *länder*, nos estados federados, e outros contidos de soberanía que cederon a un Estado de instancia federal, e, polo tanto, tódolos presidentes dos *länder* alemáns son iguais uns a outros. Na Constitución española, en cambio, a nacionalidade histórica Galicia ou Cataluña non é igual a Murcia ou La Rioja ou á provincia de Madrid ou a Ceuta ou a Melilla, e, polo tanto, non pode vostede equiparar a esas comunidades autónomas, aínda que sexan todas comunidades autónomas no nome, pero nos seus contidos non. ¿Ou é que vostede ten as mesmas competencias que o de La Rioja e o proceso de elaboración do Estatuto de Galicia foi o mesmo que o de La Rioja? Nin vostede pode equiparar esta Comunidade Autónoma á de La Rioja nin vostede pode equipararse ó presidente de La Rioja, con tódolos respectos para La Rioja. ¿Ou vostede quere devalúa-la súa propia personalidade institucional?

Cando vostede considera o problema como se fose a Madrid a resolvelo todo a base dunha conferencia de presidentes das comunidades autónomas, vostede prescinde do feito de que vostede ou vai alí como don Manuel Fraga Iribarne -e é moi libre de ir como don Manuel Fraga Iribarne onde lle pete, foros nacionais, internacionais, europeos, transeuropeos, transiberianos, pode ir onde lle pete como don Manuel Fraga Iribarne e dici-lo que lle pareza- ou vai como presidente da Comunidade Autónoma galega. Ten que ser primeiro congruente coa Constitución, co rango que a Constitución lle dá a esta Comunidade Autónoma, coas diferencias que fai a Constitución entre unhas comunidades autónomas e outras e coa representación que vostede, queira ou non queira, ostenta en canto presidente da Xunta de Galicia e da cidadanía galega, da que o votou e da que non o votou. Isto é fundamental para aborda-las cuestións de Estado, por iso se verá nas nosas propostas de resolución a diferenza enorme que existe sobre as mesmas cuestións coas de vostedes, aínda que estamos dispostos a transaccionr cuestións, como se verá despois, pero non vou entrar nas súas propostas.

Creo que está claro, polo tanto, cal é a posición e a visión do BNG respecto non só do Estado da nación galega na autonomía galega actual, senón do problema do Estado español que nos atinxe ós galegos, é dicir, da vertebración das nacionalidades históricas segundo a Constitución e do resto do conxunto social, que é base do Estado español, dentro do Estado español.

Nós somos respectuosos coa Constitución porque a acatamos, ó mesmo tempo que dicimos que non nos vale como situación final definitiva e menos como a posición dun normal desenvolvemento político do pobo galego. Pero non imos, en cambio, dicir que estamos completamente de acordo coa Constitución e despois ir dicir a Madrid que tódalas comunidades autónomas son iguais, señor Fraga, como vostede pensa ir facer.

¿Quén é vostede para subrogarse...

O señor PRESIDENTE: Señor deputado, recór-dolle que estamos na rolda de defensa das propostas de cada grupo.

O señor BEIRAS TORRADO: Estou defenden-

do...

O señor PRESIDENTE: Señor deputado, escoite un momento. Está continuando o debate de onte que quedou rematado. Eu fágolle esa observación.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, vou acata-lo que di porque dá igual, teño logo ocasión de falar na rolda de posicionamento sobre as emendas do Grupo Popular, pero precisamente por iso, para facelo que vostede fai neste momento e que eu acepto, o que non se pode facer é dicir cando un desde o escano di que un portavoz do Goberno está aproveitando unha rolda de posicionamentos sobre a iniciativa do Goberno, que unha maneira de defendelo tamén pode ser ataca-los da oposición, como fixo vostede o outro día, porque entón eu podo facer hoxe o que estou facendo. Ten vostede razón hoxe, non a tiña o outro día.

Moitas grazas.

Imos falar, entón, dentro deste marco constitucional vixente. Nós coidamos que os eixos de actuación, como é lóxico, son fundamentalmente os seguintes:

En primeiro lugar, a base económica do país e a súa incardinación no conxunto exterior. ¿Pensan vostedes acaso, como algún cacarexa de vez en cando por aí, que nós queremos-la autarquía económica, ou que podemos facer unha muralla china en Pedrafita? ¡Imbecilidade absoluta! Sómo-los primeiros que precisamente o afirmamos. (*Interrupcións*).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, non se preocupe, estes señores non foron nunca a unha clase de abecedario de economía e por iso non saben nada do asunto. Calquera alumno, xa non de económicas, senón de bacharelato que estudie a sección de Ciencias sociais, sabe estas cousas.

Fíxense vostedes, ¿o Bloque que di? O Bloque di que o seu subdesenvolvemento, cando se produce nunha economía subdesenvolvida, non é un produto da propia situación interna desa economía, senón da súa incardinación no sistema económico internacional. Iso está afirmado por Raúl Prebisch, por Celso Furtado, Aníbal Pinto por Oswaldo Sunkel. Está afirmado, incluso, por economistas que son premios no-

bel actuais e non sospeitosos de heterodoxia. Cando nós dicimos iso, ¿que queremos dicir? Precisamente que o problema da economía galega sempre foi que foi aberta, e como foi aberta, puido ser chuchada. ¿Vostedes consideran que se esa economía non fose integrada non ocorrería o que ocorre? ¿Pero entón como se pode desenvolver-la economía galega? Pódese desenvolver-la economía provocando que a dinámica sexa, na medida do posible, autocentrada e endóxena, pero iso significa a interrelación co exterior, porque se non, se vostede pecha as fronteiras, automaticamente se afoga, señor. Diga que non porque dá igual. Paréceme que o señor Pita algunha vez foi alumno de económicas, e ata alumno meu. Non sei, creo que o aprobei inxustamente (*Risos*) porque non aproveitou nada.

Ó que vou. A base económica do país cómpre defendela, e defendela non significa tampouco practicar ningunha clase de proteccionismo anómalo. Vostedes sempre saen co da competitividade. É unha barbaridade falar de competitividade, hai que falar de produtividade. A produtividade define a función de custos e a función de produción. A competitividade defínena os prezos do mercado e nós nunca podemos influír nese mercado.

Os mercados, no ámbito internacional, son absolutamente intocables por nós, non temos ningún peso relativo suficiente como para poder influír na formación dos prezos dos mercados. É máis, os mercados non son de competencia perfecta nin pura nin nada, son mercados oligopolíticos de ámbito mundial, nos que fixan os prezos os centros de poder hexemónicos no planeta, polo tanto é falso que a economía de mercado axuste os prezos como é debido. Vostedes poden lograr que unha empresa galega baixe os custos de produción e, polo tanto, poida baixa-los prezos de venda, e automaticamente o mercado internacional pode baixarlle os custos, como pasou e está a pasar coa acuicultura galega polas transacionais noruegas, que tiran os prezos do rodaballo, ¿ou non? ¡Pregúntenlle á xente que montou acuícultoras en Galicia e non son productivas, non teñen produtividade! ¿Quen tira os prezos, facendo *dumping*, ademais, contra o que vostedes non teñen valor para loitar? As transacionais noruegas.

Entón, polo tanto, do que se trata é de que unha

cousa é que haxa que estar en función da economía mundial, porque somos unha economía aberta, e outra cousa é que renunciemos a potenciar e defende-los sectores nosos productivos. ¿Por que? Porque senón vostedes irán conducindo este país, queiran que non, ó desmantelamento da produción de bens materiais, sen a cal ningunha economía se sostén. Non hai ningunha economía no planeta que sen unha base productiva de bens materiais, e non simplemente servicios, se sostivese nunca. Búsqume un exemplo e logo xa lles contarei. Incluso aquelas que son aparentemente economías máis terciarizadas, máis en función do turismo e cousas polo estilo, non se sosteñen.

Pregunto unha cousa. ¿A Cuba válelle de algo o inmenso desenvolvemento do sector turístico que está tendo para resistirse ó bloqueo? ¿Íalle servir a Galicia o desenvolvemento do sector turístico para contrapezar unha economía desmantelada na produción de bens materiais? Aí van as nosas iniciativas, perfectamente compatibles e congruentes con cuestións que son elementais no plano, precisamente, dos sectores productivos, dentro do marco de xogo de que vostedes poden dispor. Por exemplo, en canto ó emprego, un plan específico a cinco anos con prioridades industriais para rebaixar ó mínimo posible a taxa de desemprego actual. Un plan de alternativas enerxéticas, cun plan de tarifas eléctricas reducidas para usos productivos.

Queren reducir custos, queren ser competitivos, queren aumenta-la produtividade. Señor Fraga, supoño que está nunhas condicións espléndidas, despois de todo o que demostrou o señor Cortizo que vostede lle fai de favores a Fenosa, de pedirlle que polo menos para usos industriais en Galicia as tarifas eléctricas sexan máis baratas. Xa me dixo que si, que o tomaría en consideración, no debate de investidura. Tamén dixo que ía dialogar co Bloque, que vostede “quería mucho a los del Bloque que usted no era responsable de que los del Bloque lo odiásemos”. Eu díxenlle que estabamos dispostos a falar, pero non volveu abri-la boca, ¿por que? Porque se quere dialogar sobre estas cousas sabe que vai conducido a un proceso de asunción de responsabilidades e de compromisos. Ou di que si ou, ó final, di que non. Se di que non, ó final, queda mal, e se di que si vese arrastrado nunha dinámica que vostede non está disposto a aceptar.

Hai unha iniciativa, a 32, sobre o sector naval das rías de Ferrol e Vigo, non vou falar máis dela porque non hai tempo. A iniciativa nº 9, que vai sobre a defensa dos sectores productivos fronte ás incidencias máis negativas dos acordos do GATT e da UE. Ó mellor algún señor di por aí... ¡pero estes son paranoicos, pensan que eles van poder loitar contra o GATT e a UE! Entón póñanse vostedes boca abaixo, lámbanlle os pes ós señores do GATT e da UE, fagan adoración nocturna a eses novos cristos e renuncien a gobernar este país. Póñanse en venda vostedes, xa que poñen en venda o país, ou resistan intelixentemente, porque neste país hai moita reserva de intelixencia, o que pasa é que a selección é a contraño dos que chegan á Xunta e, xa se sabe, as familias din que o fillo máis tonto quéreno para conselleiro. Non o digo eu, é un dito popular, e con todo o respecto para os actuais conselleiros, porque estou falando das familias dos fillos para os fillos do futuro.

Señorías, un plan de política forestal fronte ó deseño da Unión Europea. Señor Pérez Vidal, é lamentable que vostede, que é un bo economista -polo menos de empresa- e que deu clases en Madrid, non sexa capaz de te-los arrestos para plantarlle cara a un deseño de política forestal que sabe vostede que é letal para este país. Polo menos plantarlle cara cos medios de que dispón vostede como conselleiro no Goberno do señor Fraga, aínda que logo tivese, ó mellor, ó cabo dun ano e medio, que demitir porque non podía levalo adiante, que é o que se fai na política. Cando un quere face-las cousas di: vounas facer en termos razoables, en termos que considero alcanzables. Se ó cabo de certo tempo non se poden facer, demítase. Pero ese é un costume que só practicou no seu Goberno o señor Fernández, don Juan, que era, se cadra, do que menos se podería esperar por aí adiante que o fixese. Pois fíxoo, por razóns varias, pero fíxoo.

Houbo iniciativas ou criterios de concentración parcelaria que nos parecen fundamentais. Onte falaba de que é un fiasco a concentración parcelaria. Nós enunciámos dez criterios, presentamos unha iniciativa para un plan de ordenación de cultivos. Estamos pensando en que pode ser desastrosa a situación da gandería, aínda que non por culpa nosa. Ben, pois, polo menos, fagamos unha ordenación de cultivos para iso que se chaman os cultivos alternativos, e que se faga como é debido. Non existe.

Unha iniciativa, naturalmente, sobre o grupo lácteo galego, a ver se así, unha vez máis, a sacamos do caixón dos documentos esquecidos en que teñen vostedes as súas ideas.

En segundo lugar, está a cuestión dos servizos públicos, e vou -por se me falta logo o tempo- enunciar os seguintes eixos ou apartados do espectro de medidas que nós traemos hoxe aquí. Iría despois toda a cuestión das infraestruturas, tanto viarias como de comunicación, o apartado do medio ambiente, sería o apartado da cultura e do idioma, o apartado estritamente político no plano superestructural, ou sexa da Administración, da información e da xusticia, e outro apartado sería o da incardinación de Galicia no Estado, ó que xa me referín ó comezo.

Imos, polo tanto, ós servizos públicos. O criterio fundamental para nós en canto ós servizos públicos é a función social e redistributiva destes. Non esquezan que os servizos públicos nos estados modernos pasaron de ser simplemente públicos a desempeñar cometidos sociais, que fundamentalmente son cometidos redistributivos de renda. Eu puxen unha vez un exemplo da miña experiencia particular -e coido que xa o dixeran na Cámara- de cando fun por primeira vez a Gran Bretaña vindo de Francia. En Francia o nivel de renda era máis alto por habitante, en Gran Bretaña era máis baixo, sen embargo o nivel de calidade e benestar de vida en Gran Bretaña era máis elevado porque os cidadáns gozaban de cantidade de cousas gratis polas que en Francia tiñan que pagar, precisamente polo sistema de servizos sociais, á parte do uso do capital social básico acumulado en Gran Bretaña, que era enorme.

Pois ben, esa función social, distribuidora, compensadora e correctora da distribución da renda en canto ó nivel de benestar é a que teñen que te-los servizos públicos e, polo tanto, vostedes teñen que levar, se queren ser congruentes con iso, esa orientación. Se queren ir por outro lado, alá vostedes. Nós o que ofrecemos é unha serie de medidas conxuntadas entre si, aínda que son concretas, que conducen mesmamente a evita-la privatización sistemática, encuberta ou descarada, dos servizos, o establecemento das “redes paralelas de” e, sobre todo, unha cousa que é gravísima, a que se xestionen privadamente cuestións financeiras con fondos públicos.

É dicir, iso de dar cheques en branco non pode ser. Vostedes dan sistematicamente cheques en branco. Vostedes sistematicamente, cando non privatizan orgánica ou xuridicamente, privatizan mediante o financiamento. Vostedes dan cheques en branco, de maneira que, ¡é fenomenal!, se desentenden vostedes da xestión que pasa a escapar virtualmente de control, pois aínda que haxa mecanismos de control non son os mesmos que se formasen parte da Administración pública, e en cambio financian. ¡Entón é xenial!, ¡é o negocio perfecto! É así para tódolos arribistas, para tódolos oportunistas, para tódolos que moitas veces hipocritamente, co pretexto de dicir que cumpren e desempeñan funcións sociais de atención ós pobrecitos ancianitos e cousas polo estilo, señor Fraga, que tanto o conmoen, en realidade o que fan é o gran negocio facendo uso deses cartos públicos. Iso nos servizos públicos é unha regra de ouro para calquera que queira manter un aparato público de atención á sociedade.

E, claro, cómpre renegocia-la transferencia do INSALUD que queren vostedes, iniciativa 22. O señor Romay xa o dixo publicamente hai algún tempo, aínda que logo non se volveu falar, pero polo menos saíu nos periódicos. Cómpre que os hospitais públicos se manteñan como tales, e hai unha iniciativa a ese respecto que non vou explicar. Cómpre un plan sanitario para a muller. Cómpre que dunha vez fagan os hospitais comarcais do Barbanza, do Salnés e da Costa da Morte. Cando os fagan, a xente non o vai crer. Ó mellor na Costa da Morte a desertización foi absoluta, ou chegan antes a ter un servizo de avionetas que os poñen rapidamente no Juan Canalejo e logo pasen amplamente do hospital que lles fagan. Non sei como van resolve-lo asunto, pero vostedes levan descaradamente un decenio falando de hospitais comarcais sen facelos. ¡A ver se os fan dunha vez!

Cómpre a transferencia do Instituto Social da Mariña.

Cómpre, señor Permy, un plan de ordenación do sistema educativo, que é un fiasco como está, con independencia de que monten *jaleo* ou non monten *jaleo* nun momento determinado, é un auténtico fiasco. A deterioración do sistema educativo, sobre todo o público, é gravísimo, cada vez máis, e volvo dici-lo do negocio. Ha cantidade de xente moi sabia, “sabe

muchísimo de pedagogía”, que fai negocios fabulosos co ensino privado a base, naturalmente, de fondos públicos, ¡genial! ¿Pero vostedes non están pola iniciativa privada pero que se vala por si mesma? ¿Vostedes non din que as empresas teñen que ser empresas que se defendan e competitivas? ¿Por que lles dan vostedes fondos públicos ás empresas do sistema educativo? ¿Por que? ¿Porque cumpren unha función? Pois cumprena vostedes no ensino público e fagan un plan de ordenación como é debido, senón están vostedes defraudando a cidadanía, no sentido propio da palabra defraudar.

Un plan de financiamento do sistema universitario galego, quérese dicir unha revisión e xa unha previsión, porque remata no ano 1997, hai que ver xa por onde vai continuar.

Un plan de vivendas, señor Cuíña, de promoción pública oficial, de protección oficial en alugueiro para os mozos, para a mocidade. Vostede cultiva moito a mocidade, anda moito en moto, fai deporte... e os colectivos que están por debaixo dos mínimos establecidos e que quedan á marxe das posibilidades de acceso a vivenda son importantes neste país.

Evidentemente, tamén temos algo para os campus de Vigo e Ourense, que non vou concretar porque vou intentar dedicarlle algo a outros apartados.

Medio ambiente. Nós cremos que o problema fundamental co que vostedes se atopan no medio ambiente é que vostedes van aplicar aquí a aceptar aquí a transferencia de tecnoloxías obsoletas que se fai desde o centro á periferia, para entendernos, e tamén a transferencia de custos sociais; é dicir, vostedes aceptan o de Somozas porque, miren vostedes, aquí onde a xente é tan pobre e tan sedenta de... non nos veñen industrias pero si os residuos tóxicos industriais de toda a Península. Vénennos para aquí; polo menos, creamos postos de traballo mentres se fai a factoría, etc., etc.

O Plan de residuos sólidos está hipotecado polas mesmas concepcións. Nós propoñemos clarisimamente un Plan de redución e reciclaxe dos residuos sólidos urbanos concertado cos concellos. Fundamentalmente cos grandes concellos, que son os grandes xeradores de lixo. Aborden iso. ¿Ou queren vostedes substituí-la contaminación do lixo á porta da

casa pola contaminación do fume do lixo queimado en cantidades astronómicas nun punto determinado e espaxado por toda a xeografía do país? ¿Queren acabar co Val da Mahía, como dicía eu aínda antonte?

Un Plan de conservación, efectivamente -a ver se atopo aquí a folla que me quedou traspoleirada- un Plan de conservación das fragas e de recuperación de bosques autóctonos, que non existe, un programa de conservación dos espazos naturais que se poña efectivamente en acción. Vostedes fan declaracións: “Declarada a zona de non sei que protexida”. Logo resulta que nin hai un gardabosques nin hai un vixilante. As dunas de Corrubedo están cheas de lixo, pero están declaradas. A non sei que..., declarada. A ría de Ortigueira e por aí, declarada. Logo resulta que non hai en realidade ningunha acción efectiva. ¡Non consiste en facer declaracións e inauguracións, señor Fraga, consiste en establecer programas de actuación que signifiquen medidas concretas e seguimentos continuos!

Bueno, pois nós propoñemos algo por aí.

E para rematar, porque non quero pasarme do tempo máis có indispensable, para non deixar isto decapitado, quero dicirlle que as nosas propostas en cultura e idioma van desde un Plan de núcleos históricos, que é fundamental, a medidas urxentes de rehabilitación dos núcleos históricos. Non é por presumir, pero permítame, señor presidente, que neste tempo extra faga propaganda. O Concello de Allariz encargou o estudo e a elaboración do Plan de rehabilitación de Allariz e o núcleo histórico de Allariz, etc., etc., e foi seleccionado entre trescentos pola Comunidade Europea e é o único proxecto do Estado español que agora está entre un total de 12 a nivel da Comunidade Económica Europea. Aínda que non leve o premio é finalista. Nós demostramos na práctica que facemos o que parecía imposible. Polo menos o PP levaba noi sei cantos anos alí e non fixo absolutamente nada disto. É certo que este plan foi financiado pola Xunta, só faltaría. ¿Ílanlle nega-lo financiamento por ser un concello do Bloque? Pero a iniciativa e a elaboración do plan ¿de quen foi? Do Goberno municipal de Allariz. E hoxe é un dos 12 proxectos que quedan de finalistas en rehabilitación de núcleos históricos en toda a Comunidade Económica Europea, nos 12 estados.

E, finalmente, só quero dicirlles que no plano do que é o idioma hai unha serie de medidas das que, se cadra, poderei mencionar algunha delas na outra intervención final.

E no plano da Administración, hai cuestións básicas, como son a política de persoal, a cuestión que xa dixeran da privatización orgánica, ou mediante concesión de servizos, da Administración, os medios de información públicos, as cuestións relativas ós plans de obras e servizos, plans de obras de deputacións, que debían ser consolidados e integrados nun só plan de obras e servizos para toda Galicia, e algunhas cuestións de transferencias ás que podería referirme e que hai que solicitar pero que xa daremos a coñecer para non abusar do tempo que me foi concedido, do reparto do tempo que se acordou para estas intervencións por parte da Mesa e da Xunta de Portavoces.

Máis nada.

Moitas grazas, polo momento.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor deputado.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista na rolda para a presentación das propostas de resolución.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, onte fixemos unha radiografía do que ó noso entender eran os problemas que existían neste país, tentando, como dixeran, de presentarlle á cidadanía, á poboación de Galicia, a realidade dentro dun debate de política xeral. A nós parecíanos e parécenos que non se trata de vender ningún tipo de mercancía, senón de implantar unha dinámica de debate parlamentario que sexa críble. Nese sentido sinalabamos -insisto- o que a nós nos parecían lagoas nas referencias feitas polo presidente da Xunta de Galicia, e algo se nos dixo onte sobre a nosa intervención no sentido de non ter modelo ou de, simplemente, formula-las cuestións para deforma-la realidade.

Nós vimos aquí hoxe a presentar propostas, a presentar alternativas, a propoñer solucións, ou, polo menos, a intentar que se discutan propostas alternativas e o que nós cremos que son solucións para os problemas que onte apuntamos.

Os datos demostran, e algúns deles quedaron claramente expostos onte, que o que xa dixo unha vez nun debate do estado de autonomía o señor presidente sobre que tiñan os problemas todos perfectamente descritos nos libros brancos do Partido Popular, que tiñan as solucións tamén escritas e que as puxeran en marcha, non se corresponde coa realidade na medida na que moitos dos problemas que existían seguen existindo. Non digo que todos, co cal estoules dando o mérito de ter resolto algúns. Outros seguen igual e outros empeoraron, como non podería ser doutro xeito, ninguén lles vai pedir que o resolvan todo. En troques, tamén pedimos que non digan que nos equivocamos sempre que dicimos que hai algún problema. A xente, o cidadán, entenderá perfectamente que é absolutamente absurdo e ridículo dicir que non se resolve nada, pero tan ridículo, tan absurdo e tan pobre intelectualmente é dicir: “Vostedes nunca teñen razón en nada do que din que é un problema”.

Polo tanto, as propostas e as alternativas que nós presentamos son sobre o que nós baseámo-la nosa credibilidade. Esa á que se facía referencia onte. Comprometémolo noso apoio ás medidas da acción de Goberno que poidan saír destas propostas. Polo tanto, estamos facéndonos corresponsables tamén do que aquí dicimos cando se intenten implementar. Posiblemente sexa algo inxenuo dicindo isto porque este tipo de cousas non se acostuman a valorar moito na política dos tempos actuais, pero parécenos que fronte ós cidadáns é o máis responsable, e co tempo acabárase impoñendo.

Son propostas que globalmente abordan as cuestións que onte debatíamos polo miúdo. Para non perder moito máis tempo voume centrar xa nelas.

A proposta número 1 refírese á postura de Galicia no próximo debate no Senado da Comisión Xeral das Autonomías. Ou se se quere, como se dixo onte aquí, a postura ou papel que Galicia debe manter, a posición política que Galicia debe manter, en canto á construción do Estado das autonomías. Nós propoñemos que Galicia, e no seu nome o presidente da Xunta, defenda no Senado a reforma da Constitución, que a defenda para a transformación do Senado nunha Cámara de verdadeira representación territorial. Pero que a defenda tamén como postura de Galicia, partindo dun feito absolutamente imprescindible: que a

Constitución naceu ben porque naceu con consenso, porque naceu co acordo das forzas políticas, porque abordaba con sensibilidade, con capacidade de cesión por tódalas partes, aqueles problemas que podían espartar vellos fantasmas. Nós avogamos para que a reforma da Constitución se leve a cabo, pero avogamos para que se manteña ese mesmo espírito de consenso, para que, o mesmo que no ano 1978 se evitaron problemas que puideron poñer en perigo a recuperación das liberdades neste país, agora no 1994 non se faga demagogia coa reforma da Constitución para evitar tamén estratexias partidarias ou estratexias interesadas desde o punto de vista do poder sen máis, e conseguir que a reforma da Constitución se faga de verdade polo que no fondo interesa. Non se trata de reforma-lo Senado para facelo a gusto de ninguén. Non se trata de reforma-lo Senado, ou propoñe-la reforma do Senado, para entrar nunha estratexia partidaria de romper acordos de Goberno existentes agora mesmo na Administración central. Non se trata de nada diso. Trátase de forzar unha reforma do Senado pensando que, a través desa reforma, constituímos unha Cámara na que será máis doado defende-los intereses de Galicia, e de defendelos mantendo o mesmo espírito de paz e liberdade que supuxo a Constitución do ano 1978. Se non o facemos así, o tempo ó mellor nos leva a situacións de crispación absolutamente indesexables.

En segundo lugar, a proposta co número 4 fai referencia á proposta que onte se fixo desde aquí, desde o meu grupo, na miña voz, que eu portaba -aínda que alguén pensou que non portaba nada-, á proposta de negociación dos grupos parlamentarios -nós abrímo-lo abano aínda que a proposta foi do noso grupo e o compromiso por suposto, para nós sós- para a negociación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma, para unha negociación que contemple unha discusión seria e rigorosa sobre os criterios que hai que empregar na súa elaboración, sobre as grandes liñas que deben aborda-los presupostos desta Comunidade, sobre o seguimento na aplicación dos presupostos e, en fin, sobre algunhas outras cuestións que a ninguén lle escapa que poden ser obxecto de negociación e que evitarán moitos comportamentos absolutamente inaceptables na aplicación dos fondos públicos, que xa foron reiteradamente denunciados.

Onte falamos tamén de que non existía un modelo

de desenvolvemento para Galicia, que non se tiña explicitado nunca, que as accións de goberno estaban absolutamente descoordinadas. Formulamos unha moción que implica a apertura de canles de diálogo e de negociación cos interlocutores políticos, económicos e sociais para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento de Galicia que conte co máximo apoio da sociedade.

Onte sinalabamos o fracaso do Plan económico e social. O obxectivo que se marcaba era que no ano 1994, ou cando empezáramos a saír da crise, cousa que está ocorrendo, crecéramos por riba do que crecera a economía en España para acurta-las diferencias dos niveis de vida entre o resto de España e Galicia. Como iso non está ocorrendo, senón todo o contrario, é preciso modificar, é preciso reelabora-lo Plan económico e social, e esa é a proposta que facemos, a proposta número 16.

Na número 24 propoñemos unha modificación da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión. Unha proposta que pretende un cambio no sistema de nominación do director xeral da Compañía. Propoñemos que o director xeral da Compañía de Radio-Televisión sexa elixido polo Parlamento como símbolo de que, de verdade neste Parlamento, que de verdade en Galicia, se quere rematar coa manipulación constante dos medios públicos de comunicación -neste caso na Radio e na Televisión de Galicia-, de que se quere acabar coa censura sistemática que a determinados grupos políticos e de determinadas actuacións, ou determinados debates neste Parlamento, se fai desde a Radio-Televisión de Galicia que pagamos entre todos. Se, realmente, se quere que isto non exista, procédase a modifica-la lei e procédase a que este Parlamento avale un director xeral e non aquel director xeral que lle deba o posto ó Goberno e, polo tanto, estea supeditado ás súas instrucións aínda cando estas instrucións, ás veces, entren en conflito e o director xeral non saiba a que conselleiro atender.

Onte acusáronos tamén de falar da inexistencia de modelo autonómico e de non ter dito nunca nada respecto del.

Na proposta número 10 propoñemos que se elabore un proxecto de lei que empece por desenvolve-lo apartado 3 do artigo 2 do Estatuto, relativo á organi-

zación territorial, como primeiro paso para empezar a construí-lo modelo autonómico. Parécenos moi ben a construción do Estado das autonomías e o papel de Galicia, pero tamén digo eu que poderíamos empezar a pensar nesta Cámara e podería empezar a pensa-lo Goberno en contruí-la nosa propia autonomía, porque non deixan de ser un contrasentido bastante ridículo as grandes voces para a construción do Estado das autonomías e o noso papel nesa construción e ter sen face-la nosa propia autonomía. Pero iso é o que está a pasar.

E apuntando algúns datos máis do modelo, presentamos outra proposta de resolución que pide algo tan simple como que a Xunta desenvolva a Lei de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia. Unha lei que está vixente, e sobre a que hai un recurso. Pero diso imos falar tamén agora. Porque é preciso coordina-las deputacións, porque son focos de contragoberno e de contrapoder neste país, e porque é preciso defini-lo seu papel. E aí imos apuntando modelo autonómico, modelo racional, se non, é o caos: as deputacións por un lado, o Plan de desenvolvemento comarcal por outro, os xerentes comarcais, os presidentes das deputacións... Nós pedimos ordenar, organizar e que cumpran a lei, que está vixente. Pero presentóuselle un recurso. Cincuenta e non sei cantos senadores do Partido Popular teñen presentado un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de coordinación das deputacións. Nós pedimos que, se hai compromiso coa organización territorial deste país, se hai compromiso co modelo autonómico, con facelo, se retire o recurso de inconstitucionalidade. Se se quere, que se modifique a lei se non é do seu gusto. Pero, en todo caso, que dunha vez por todas avancemos nunha institucionalización coherente neste país, nunha institucionalización que elimine calquera rastro de comportamentos como os que se están a dar agora mesmo nas deputacións provinciais, ou subsectores do poder popular.

Na proposta número 19, e un pouco en relación co modelo autonómico, pedimos que este Parlamento inste a Xunta de Galicia para poñer fin á administración paralela, a esa administración paralela da que falabamos onte: sociedades anónimas, fundacións, colectivos varios, equipos de non sei que... Toda unha serie de artimañas montadas desde o Goberno para eludi-lo control parlamentario no uso dos fondos pú-

blicos, para repartir empregos e subordina-lo comportamento político das persoas por toda Galicia en función dos intereses do Partido Popular. Esa é a administración paralela que nós propoñemos que remate dunha vez. E isto, evidentemente, está en paralelo coa organización territorial, co modelo autonómico, co modelo da Administración, con todo iso que temos demostrado e arquidemostrado que é un desastre para este país.

Onte falabamos de publicidade e propaganda e díxose desde aquí: “Non é propaganda, é información”. Hai moitos exemplos. Está o exemplo da Consellería de Sanidade, dun calendario inserido nos medios de comunicación. Por exemplo, neste calendario, o sábado día 3 había que recordar que “el indio apache Gerónimo se rinde en Arizona a las tropas estadounidenses”. O día 9 de setembro, este calendario financiado pola Consellería de Sanidade, di: “Día 9 de septiembre: pollo frito (Risos); 1890, nace... , que sería fundador de la mayor compañía de venta de pollo frito, la.... Ou o 27 de setembro: “El placer de viajar. Nace el tren. Se inaugura en Inglaterra la primera línea de ferrocarril del mundo”. Como se ve, ademais, o calendario é un vehículo de normalización lingüística.

Pois en relación coa propaganda “del pollo frito”, e en relación coa propaganda de “el placer de viajar” -perdón, en relación coa información sobre “el placer de viajar y sobre la información del pollo frito”-, nós propoñemos que hai que ser serios. E como hai que ser serios, presentamos unha proposta para rematar co descontrol do gasto da Xunta de Galicia en publicidade e propaganda. Aínda que só fose, señor Pensado, -a quen parece que a alusión “al pollo frito” non lle gusta-...

(Pronúncianse palabras desde os escanos que non se perciben).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CORTIZO NIETO: A min éme igual que fale o señor Pensado se me para o cronómetro.

Se este descontrol conseguise simplemente que non se fixesen estas tonterías, que non se gastasen os cartos nestas parvadas, xa sería suficiente, pero pedimos máis. Pedimos dúas cuestións en relación co re-

mate do descontrol na publicidade e na información.

Unha: remitírase a este Parlamento trimestralmente a relación detallada dos gastos realizados por todas as consellerías e organismos nos que participa a Xunta de Galicia en campañas publicitarias. Non é pedir moito. Digo eu que, con esa Administración que funciona tan automaticamente cos caixeiros automáticos de don Dositeo, que nos pasen a relación trimestral dos gastos en campañas publicitarias é o menos ó que podemos ter dereito os representantes dos cidadáns, porque algúns nos piden que saibamos algo disto, que teñamos información.

E dúas: a información non é gratuíta, págase, pero o pagamento é discrecional. E non vou abundar en todo o que esa discrecionalidade permite, ou, máis ca permitir, tenta ós que reparten o gasto; polo tanto, pedimos que se garanta o acceso de todas as empresas públicas e privadas ó gasto da Xunta en publicidade e información -isto corrixireino como emenda técnica, porque aquí sempre poñen "propaganda" os meus compañeiros do grupo-. Polo tanto, pedimos que se elimine a discrecionalidade no gasto para que non sexa utilizada como nalgúñas ocasións ou, polo menos, para evitar tentacións de que sexa utilizada como elemento de presión, ou de que o baremo máis obxectivo que se empregue sexa o dos centímetros cadrados de foto que o conselleiro consege ó mes. Esa era a proposta número 12.

En canto á proposta número 13 -tamén lle tocou mal número a esta-, señor Fraga, señor presidente, voulle ler, sen máis, moi brevemente, e non vou dicir nin unha soa palabra respecto disto porque, en todo caso, tomo nota do que vostede dixo onte, confío na súa palabra, e se a miña confianza non tivese ó reflexo no seu comportamento, haberá outras medidas para tomar. Leo, estritamente, a proposta número 13, e paso, porque estes temas resultanme desagradables: "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rematar co uso irregular de coches oficiais."

As propostas números 134 e 138 son unhas propostas que recollen tamén a alternativa que nós formulamos ás críticas que fixemos onte, a algunhas delas, sobre o desenvolvemento industrial. Facemos, dentro do desenvolvemento en xeral, unha parte co desenvolvemento industrial polo que dicía onte do

desmantelamento como paradigma do proceso que vive nos últimos tempos a industria en Galicia. E polo tanto pedimos que a Xunta realice un plan industrial. Nós, insisto, comprometemos en cada unha das propostas a nosa colaboración e o noso apoio -non vimos aquí gratis-. Un plan de desenvolvemento industrial que defina os subsectores estratéxicos e prioritarios. Sobran analistas e expertos para formar equipos, e é de sentido común que, nunha situación complicada, se faga caso das estratexias, de quen pode deseñalas, e que a responsabilidade política, que é a de designar prioridades, se leve a cabo. En troques, é evidente que a designación de prioridades supón descontentar algúns dos amigos, e por iso digo que comprometémo-lo noso apoio.

En relación tamén coa industria pedímoslle ó Goberno na proposta número 138 que redefina o que está sendo un proceso absolutamente descontrolado de implantación de polígonos industriais. Que se definan criterios de implantación de polígonos industriais máis alá de asfaltarlle un cacho de monte ó alcalde do meu partido e de poñerlle unhas farolas na urbanización para que despois queden parcelas moi ben alumeadas, moi ben comunicadas, e á entrada de cada vila de Galicia haxa unha especie de urbanización deserta, chegando o momento en que teremos máis polígonos industriais ca industrias hai en todo o Estado español.

A proposta número 18, en relación tamén co exemplo concreto acerca da política industrial que onte fixen, refírese á necesidade de aclarar neste Parlamento a para nós lamentable actuación do presidente da Xunta, e, polo tanto, do seu Goberno, en relación coa empresa Unión FENOSA. Sobre todo para aclarar as razóns últimas que puidese haber nese comportamento e que a nós, desde logo, se nos escapan. Pedimos esa aclaración con entrega de documentación ós grupos, todo o extensa que se queira, e coa fórmula ou mecanismo que se queira. Pedimos que se establezan sistemas de control dos fondos públicos destinados pola Xunta de Galicia a financiar obras ou proxectos conxuntos con Unión Eléctrica FENOSA non porque teñamos unha desconfianza especial, senón porque o volume de negocios que aí hai é tan desmesurado, e o escaso control parece tan desproporcionado en canto ó volume, que pedimos especificamente ese control. É evidente que ese mesmo con-

trol o queremos en xeral, pero estamos nun caso concreto no que hai suspiencias e, polo tanto, queremos saber.

En terceiro lugar, e en relación con algo do fondo da polémica que sobre este tema houbo nos días de atrás, queremos que nesta Cámara o Goberno compareza para debater, analizar e informar da política empresarial de Unión Eléctrica FENOSA, xa que é unha empresa beneficiaria de convenios ou de actitudes do Goberno, e polo tanto de Galicia. E se resultase que desa análise da política empresarial, que pode face-la que queira, ningún lla vai condicionar, os intereses de Galicia son lesionados, o menos que cabería facer desde os poderes públicos é reconsiderarlas facilidades que se lle dá a quen non ten como obxectivo prioritario dentro da súa política empresarial eses intereses, e recoñecendo como é lóxico a busca de beneficio en calquera empresa, pero ó tempo ten que haber tamén unha compensación para tanto beneficio. E exemplos hai de empresas en Galicia modélicas no seu comportamento, no seu funcionamento e na súa expansión que seguen coa sede aquí, aínda que vaian traballar fóra e busquen novos mercados. Nós nunca seríamos-los que dixéramos que non se colaborase cunha empresa deste calibre, pero nós sempre estaremos en contra de darlles facilidades ás empresas que non traballen a favor dos intereses de Galicia.

Sinalabamos onte tamén un sector clave: a educación. E sinalabamos algunhas, moi de corrido, das deficiencias e dos problemas que hai no sistema educativo. Hai deficiencias físicas, hai centros educativos que esgotan o presuposto en caldeiros de tanta goteira que teñen, que non teñen instalacións, como onte quedaba reflectido nun caso concreto no que, por suposto, a cita non tiña motivacións escatolóxicas senón simplemente eu diría que dramáticas, porque con esas cousas non se pode bromea. E polo tanto pedimos que se tomen medidas urxentes para paliar as deficiencias existentes en gran número de centros, o cal existe un traballo concreto, un plan, unha análise, unha valoración. Xa a pedimos non sei cantas veces e sempre se nos di que non, pero o malo é que os problemas están aí, o malo é que a cotío saen na prensa. E se ó final demostra o señor conselleiro que é un só centro ou que son dous de 50.000 centros, pois algo teremos gañado, arranxaranse, e ademais poderá dicir: “Estaba vostede equivocado. Mire, aquí está a memoria e non

eran tantos”.

E o mesmo propoñemos para os gastos de funcionamento arquidebatidos aquí. Pero os gastos de funcionamento dos centros educativos deste país están moi por debaixo dos que teñen os centros do resto do Estado, e os gastos de funcionamento son calidade de ensino. Hoxe mesmo na prensa saen tódolos directores dos centros de Santiago, que digo eu que non se terán confabulado para saír hoxe falando en contra do Partido Popular, dicindo que non van poder empezalos cursos por falta de profesorado e pola masificación absoluta nas aulas. E isto é un día si e outro tamén, e é en Santiago e en Verín, e é en Ourense e en Ribadavia, e é en tódolos lados.

Onte falabamos da mecánica que se levou para a creación dalgunhas titulacións universitarias, que parecía broma pero é unha triste realidade. O problema é que desde o ano 92, que teoricamente era a duración do Plan de titulacións o cal, no seu momento, como foi necesario argallouse ás carreiras, non se volveu pensar no tema e agora vaise improvisando. Pois nós suxerimos que o Goberno presente neste Parlamento un plan de expansión do sistema universitario de Galicia a 4 ou a 10 anos, ós que queiran, pero un plan que permita logo aplicar o Plan de financiamento universitario, por exemplo, porque logo fálese do cumprimento do Plan de financiamento. Pero o Plan de financiamento unha das cuestións que prevé é a formación do profesorado para centros novos. Suponse que o profesorado non se forma nun ano nin en dous. Suponse entón que haberá que saber cunha certa antelación que centros se van crear para poder formar ese profesorado. Suponse que se no ano 94 queremos gastalos cartos que o Plan de financiamento prevé para a formación de profesorado, teremos que saber que centros se van poñer en marcha no ano 97. E isto é o que se fai noutros sitios, o normal, porque se non é que se está incumprindo xa sistematicamente o Plan de financiamento, que non é só cuestión de números, porque non importa ter un Plan de financiamento de 100.000 millóns se se gastan mal. Ademais isto non é unha cuestión de que teña máis ou menos cartos o plan, terá os que Galicia lle poida meter no plan, os que lle poida meter, nin máis nin menos. A cuestión é como se gastan, non é só gastar. É dicir, gastamos cen mil millóns en poñer sumidoiros; pois ó mellor gastan cen mil millóns en poñer sumidoiros e o país non ten

unha rede de saneamento decente porque a montan polas beiras de non sei onde. Pois isto é o mesmo.

Outra proposta refírese á investigación e desenvolvemento, outros dos aspectos cruciais; non insisto.

Temos outra proposta, a número 26. Señor presidente, volvo facelo por segunda vez e creo que última, tanto polo tempo coma pola miña propia intención, vou dirixirme de maneira especial a vostede. Esta proposta pide que o presidente da Xunta compareza nos plenos para responder persoalmente as interpelacións e as preguntas que se lle formulen regulamentariamente. Ben sei que o Regulamento posibilita miles de preguntas e de interpelacións, e ben sei tamén que iso non sería nin doado nin posible nin razoable. Pero queda exposta a proposta e a nosa disposición a buscar calquera fórmula de achegamento co Grupo Popular que faga que o señor presidente compareza neste Parlamento para contestar -fixense se somos xenerosos- como queira e cando queira, pero cunha periodicidade determinada, e non unha soa vez ó ano, no debate do estado da Autonomía, que ó final é pouco debate para tanta Autonomía.

E vou rematando. Hai outro grupo de propostas referidas a concellos.

Os problemas do sistema sanitario son tamén obxecto de atención na liña de resolver e de aumentalos servizos de atención primaria, de incremento dos servizos sociais, da vivenda, o tema do ferrocarril, e non nos esquecemos tampouco de pedi-la presenza de Galicia nas instancias nas que se conforme a vontade do Estado no que se refire a problemas que afecten os intereses de Galicia.

E así repartidas polo eido da cultura, da educación, da pesca, da industria, da agricultura, da xusticia, da sanidade, dos servizos sociais, do emprego, da familia, da muller, da Consellería de Política Territorial, de Presidencia, de Economía e no ámbito da Compañía de Radio-Televisión, presentámoslles a vostedes 169 propostas de resolución, de moi distinto nivel e calado, das que poden face-la escolma que queiran. Nós estamos dispostos a negociarlas todas e cada unha delas, a falta de tempo desde logo non é a nosa responsabilidade, posto que pedimos que este Pleno tivese outra organización e outra duración para que o tempo non fose nunca escusa fronte á razón.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Cortizo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor González Suárez.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario Popular presenta a consideración desta Cámara cinco propostas de resolución que se refiren moi concretamente ó debate de política xeral que onte tivemos na Cámara.

A primeira proposta de resolución refírese a que, dentro do mesmo espírito que o señor presidente da Xunta amosou onte nesta Cámara, e co fin de darlle o impulso e o desenvolvemento preciso do Estado das Autonomías de cara á súa consolidación e estabilización, se produza unha reforma limitada da Constitución que configure o Senado como unha auténtica Cámara de representación territorial, tal como di o artigo 69 da Constitución, dotándoa dunha especialización funcional no proceso lexislativo, con auténtico protagonismo real, cousa que hoxe non ten. Tamén solicitamos que se modifique substancialmente a súa composición alí onde se prime significativamente a presenza autonómica de senadores elixidos polas asembleas lexislativas das propias comunidades autónomas sobre os senadores elixidos provincialmente, e que ademais estes senadores sexan deputados das propias asembleas e que os presidentes dos gobernos de cada Comunidade sexan senadores natos.

E necesario é que glose aquí o texto do discurso do señor presidente da Xunta para avalar esta proposta de resolución, xa que nese texto aparece nidamente a xustificación da proposta que traemos a consideración da Cámara.

Nese texto vanse degraendo unha serie de puntos xustificativos dentro da reforma da Constitución que redundan en beneficio das propias funcións do Senado e por conseguinte das comunidades autónomas e da nosa propia Autonomía. Nós entendemos que o Senado non pode seguir máis tempo tal como se atopa, xa que a propia Constitución quixo que fose unha Cámara de representación territorial, pero ata agora non se acertou a dotala dese xeito, deixándoa esmorecer como Cámara cun poder lexislativo subordinado, facendo a selección dos senadores por un procedemento inverso ó que debía ser, para que logo a correlación de forzas do mesmo sexa parello, idéntico

ó do Congreso, primando os grupos parlamentarios nos aspectos ideolóxicos e non nos do territorio de procedencia.

Entendemos, pois, que esta situación do Senado como Cámara actualmente dedicada a introducir no proceso lexislativo achegas sinxelamente técnicas, complementarias ou adicionais, vai distorsionando as súas funcións, e para moitos cidadáns incluso lles parecen dispendios innecesarios e estériles os gastos que xera.

De aquí a reforma que se propugna mediante esta proposta de resolución, que se somete a consideración desta Cámara na intelixencia de que se deixen salvagardados dous conceptos, dous principios: o de que a reforma se conforme co espírito da Constitución española, e que o texto da mesma quede o máis intacto posible.

A segunda proposta de resolución que o Grupo Popular trae a consideración da Cámara refírese ó Consello Económico e Social, xa creado pola Lei do 17 de Xullo de 1991, co fin de que se imbrique as comunidades autónomas no seu proceso planificador, de asesoramento e de colaboración, mediante unha nova redacción para que estas comunidades autónomas estean presentes en tódolos órganos que existen no Consello.

Entendemos que non se pode seguir mantendo a marxinación das comunidades autónomas no proceso planificador da Administración central, de tal sorte que unha serie de temas socioeconómicos se están a levar a cabo aínda sen o concurso das mesmas, cando por exemplo no Plan director de 1993, o 2003, están en xogo cantidades cuasibillonarias que van incidir en investimentos de futuro do desenvolvemento rexional. Polo tanto, coidamos que a presenza das comunidades autónomas nese Consello é necesaria, é constitucional e é conveniente, xa que debe se-la única maneira pola que a presenza da voz das autonomía actúe directamente e se poidan aplicar criterios socioeconómicos que as afectan, baseados sobre todo en principios de solidariedade.

Por iso mesmo nós propugnamos a través destas propostas de resolución a aprobación de algo que a propia Constitución, insisto, xa ten previsto.

Propugnamos na nosa terceira proposta de resolución a creación dunha Conferencia de Presidentes de Comunidades Autónomas e do presidente do Goberno que veña cubri-lo oco que se orixina se só nos atemos ás conferencias sectoriais, as cales non poden abranguer máis ca un sector illado de acción pública, marxinando ou sorteando ou evitando os grandes temas que impliquen intereses xerais globalizadores.

Como xa dixo o señor presidente da Xunta no seu discurso de onte, non se trata de invadi-las competencias que lle correspondan ó Executivo, senón de que, como é evidente e imprescindible, o Goberno poida contrasta-las opinións e valora-las posicións das autonomía directamente e sen intermediarios cos seus altos dignatarios.

A cuarta proposta de resolución fai referencia á participación das comunidades autónomas na Unión Europea mediante unha regulación lexislativa na que se fixe a participación das mesmas no proceso de formación e execución da vontade do Estado na Unión Europea, a través dunhas previsións nas que o Goberno do Estado informe as comunidades autónomas, coa antelación suficiente, dos proxectos normativos da Unión Europea que sexan do seu interese ou ós que se lles poidan formular observacións pertinentes. E, sobre todo, como tema de singular importancia, esta Comisión sería competente para artella-las liñas de programación relativas ós fondos estruturais e ó fondo de cohesión, co fin de garanti-la coherencia e equidade de cofinanciamento comunitario tanto nos aspectos territoriais coma nos sectoriais e nos económico-financeiros. Entendemos isto como un aspecto clave e primordial para que non se orixinen desigualdades entre as comunidades e que se utilicen autenticamente os instrumentos de solidariedade que outorga o ordenamento europeo dunha forma específica.

Cremos, pois, que esa vía de participación das comunidades autónomas no proceso de formación e de execución do Estado na Unión Europea, que non pretende baixo ningún concepto unha suplantación do Estado, cousa que estaría en contra ou conculcaría o ordenamento xurídico comunitario, sería -insisto- trascendental para que as comunidades autónomas estivesen presentes nos foros de negociación, discusión e preparación das decisións do Consello. Dada a grande importancia que para a nosa Comunidade

Autónoma ten esta proposta, pedímo-lo voto favorable da Cámara na mesma.

E finalmente, presentamos unha proposta de resolución que se refire especificamente ó campus universitario de Ourense co fin de que, rematadas xa unha serie de xestións que correspondían ás expropiacións do mesmo, ó pagamento das mesmas, etc., feitas e realizadas, se reclame da Xunta a entrega máis inmediata para que tanto a Universidade de Vigo coma o campus de Ourense dispoñan dos terreos para ampliar ese campus universitario; e ó mesmo tempo instar tanto o Concello de Ourense coma a Deputación para que sigan na procura das axudas que lle corresponden ó campus de Ourense, que tanto se necesita naquela cidade.

Moitas gracias, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor González Suárez.

Conforme ás previsións, suspenderémo-la sesión polo prazo de unha hora e media, dándolles tempo ós señores portavoces por se é posible consensuar algúns temas.

Suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás cinco e cincuenta minutos e reiníciase ás sete e vinte minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión.

Esgotado amplamente o tempo de suspensión para o traballo dos señores portavoces, parece ser que algúns acordos se alcanzaron, dámoslle trámite á rolda de posición dos grupos con respecto ás emendas dos demais.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, vou fixa-la posición fundamentalmente respecto das propostas de resolución do Grupo Popular, que plasman contidos anunciados onte polo señor presidente da Xunta no seu discurso para levar á súa vindeira presenza, alocución e participación no Senado.

E respecto das do Grupo Socialista, coas que concordamos en gran medida, simplemente como é determina-lo voto, farémolo no momento da votación, solicitando certas desagregacións do conxunto delas por grupos para a nosa posición de voto.

Señor Fraga, despois das conversas tidas polos grupos parlamentarios, eu coido que está claro o talante absolutamente democrático do BNG e a enorme flexibilidade do Bloque, que fixo todo o posible para que se puidese chegar a un acordo. Mesmo eu collixín que en principio ese acordo por parte do Grupo Parlamentario do PP era perfectamente asumible, pero finalmente parece que non, polo menos que vostede non está de acordo. E vouno dicir con toda claridade e con toda sinxeleza.

En primeiro lugar hai unha proposta de resolución que imos votar a favor, de tódalas maneiras, que é a relativa ó campus de Ourense. Nós temos unha iniciativa, que é a número tres das nosas, que vai na mesma dirección, en termos moi semellantes. Polo tanto, retirámo-la nosa, a número tres, incluso para que quede claro que nin sequera hai necesidade de sometela a votación. Votámo-la do Grupo Popular sobre o campus de Ourense.

E imos ás catro propostas importantes porque se refiren á inserción de Galicia no Estado español actual, no Estado das autonomías, á visión do conxunto do Estado das autonomías e mesmo ó desenvolvemento progresivo constitucional. Unha refírese á aplicación efectiva do artigo 131 da Constitución; outra á creación dunha Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas; outra á reforma do Senado cara a unha Cámara de representación territorial; e outra á participación das comunidades autónomas e, desde o noso punto de vista, de Galicia na formación da posición do Estado na Unión Europea sobre as seguintes previsións.

Ben, en todas elas unha das cuestións clave que nos formulamos foi a seguinte: nós temos unha concepción do Estado que non considera que o Estado das autonomías sexa unha cuestión simplemente formal que se poida utilizar como coartada para un trato de uniformización do que é a base, o contido do propio Estado, é dicir, a realidade sociopolítica dos distintos pobos do Estado, das nacións -non só España,

senón Galicia, Cataluña e Euskadi- e das rexións históricas e así sucesivamente. E, polo tanto, isto hai que telo en conta porque o ten en conta a propia Constitución. É sabido que no título VIII os artigos regulan de distinta maneira distintos tipos de autonomía, non só en canto á definición do que son nacionalidades históricas, a diferenza de simples rexións, ou do que son provincias sen máis e comunidades uniprovinciais, senón respecto do proceso de elaboración do estatuto de condicións; iso coñécese e fálase no artigo 143, no 150, etc. Polo tanto, o que non se pode facer nunha Comunidade que é unha nacionalidade histórica coma Galicia, exercendo e ostentando a representación institucional de presidente do Goberno, é ir propoñer que todo sexa café para todos.

Ben, entón, unha de dúas -dicíamnos nós-: ou alí se vai con propostas que se refiren á Comunidade Autónoma galega onde se pon comunidades autónomas, é dicir, á Comunidade Autónoma galega e en termos propios á Comunidade galega; ou se se quere estender ó sumo, estendámolo dicindo as comunidades que son nacionalidades históricas, que son as que temos unha índole igual, aínda sendo diferentes nacionalidades, e un rango constitucional tamén igual na actual Constitución. Se de tódalas maneiras, o Grupo Popular quere que se leve en termos de comunidades autónomas, nós dicíamnos que o señor Fraga pode falar no Senado como Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta, pero co seu criterio e co seu discurso; pero, en cambio, as resolucións que leva aprobadas polo Parlamento que sexan do Parlamento. Entón, distingámolo que diga o señor Fraga como tal respecto da concepción do Estado do que di o Parlamento na súa proposta de resolución.

E nós facíamolo máximo de flexibilización que pode facer unha forza política sen traiciona-los seus principios ideolóxicos e políticos. Incluso estamos dispostos a que se diga comunidades autónomas sempre que se faga explícita mención, en cada caso, segundo os seus respectivos rangos constitucional e competencial. Parece ser que isto que parecía que ía ser asumido finalmente non é asumido. Señor Fraga, a responsabilidade é súa.

Nós o que non podemos é hipotecar non só o BNG senón o Parlamento á súa persoal visión ou ós compromisos de pacto de Estado que vostede teña cocen-

do no forno onde se cocen os compromisos e pactos de Estado, e que vostede saberá pero nós non temos coñecemento ningún.

O que quero dicir con isto é que, polo tanto, iso fai -¡fíxense vostedes, señorías, e fíxense os cidadáns!- inviable -a pesar desta flexibilidade absoluta do BNG de estar disposto a que se fale de tódalas comunidades autónomas simplemente con mención do que é constitucional, de diferente rango constitucional e competencial- que o Parlamento puidese, no que defende do BNG ou do Grupo Socialista, que ten a súa proposición, chegar a unha unanimidade para que efectivamente fose o Parlamento de Galicia, e que o Bloque propiciase -e propiciouno- que esa unanimidade se puidese acadar. Se se chega ó extremo de que nin sequera se pode aceptar que en vez de dicir comunidades autónomas sen máis, onde todas parece que son a mesma cousa, se diga “segundo o seu respectivo rango constitucional e competencial”, entón, evidentemente, o que se pon de manifesto é o que eu teño tantas veces repetido e que non pretende inxuriar a ningún porque o talante e as conviccións democráticas demostráanse na práctica democrática. E unha das claves da práctica democrática é o diálogo e a capacidade de flexibiliza-las posicións.

O BNG chegou xa non só a non esixir que só se falase da Comunidade Autónoma galega, a non reclamar que distinguíssemos e dixesemos comunidades que son nacionalidades históricas senón a dicir “as comunidades autónomas”. Pero o que está na Constitución, non na ideoloxía do BNG, plasmémolo explicitamente, porque se non, vaise dicir que se aquí nós estamos contribuíndo a unha cerimonia da confusión, dun *totum revolutum*. Rango constitucional e competencial respectivos. O noso talante queda perfectamente posto de manifesto.

En segundo lugar, xa entrando en contidos concretos -e xa que isto inviabiliza un acordo do conxunto- teño que facer algunhas precisións -se o permite o señor presidente, porque me quedan dous minutos, se pode ser un minuto ou dous máis, mellor- de rigor técnico. Cando se di na proposta do PP que se faga realidade a expresión do artigo 131 da Constitución mediante a creación dun Consello Económico e Social no que se imbriquen as comunidades autónomas, hai que ler ben o artigo 131. E o artigo 131, no apartado 2

di, por unha banda, que o Goberno terá que face-la planificación xeral de acordo coas previsións subministradas pola Comunidade Autónoma, e ademais di co asesoramento e colaboración dos sindicatos e outras organizacións funcionais. É dicir, non podemos meter no mesmo saco o asesoramento -di a Constitución- de sindicatos e organizacións sociais co acordo das previsións, planificar de acordo coas previsións. Incluso de acordo coas previsións significa o carácter vinculante, na medida na que se resolva, das previsións, e non unha simple consulta. É que somos comunidades autónomas. ¿Ou é que vostede, señor Fraga, está disposto a presentar unha iniciativa na que resulte que o Consello Social con tal de que lle dea entrada ás comunidades autónomas igual cós sindicatos, igual cós patronais, xa está? ¿É que o rango institucional da Comunidade Autónoma galega, deste Parlamento e desta Presidencia é o mesmo có dun sindicato de Comisións Obreiras?

Non se dá de conta de que unha cousa é... ben, pois nós o único que propoñiamos era que, simplemente, fose que quedase clara a cuestión de que a planificación, sexa de acordo coas previsións subministradas polas comunidades segundo o seu rango constitucional e competencial. ¿Como van participar igual na planificación xeral do Estado, como van ser igual de vinculantes as propostas da Comunidade de La Rioja coa Comunidade Autónoma galega ou de Cataluña se constitucional e competencialmente non son iguais. ¿E que ten vostede as mesmas competencias que Castilla-La Mancha?, ¿Como arregla usted eso? É un problema de racionalidade. Respecto da proposta de resolución do Senado non vou parar, porque tamén aí fixemos unha fixación de postura que, como dificultaba moito, isto que acabo de explicar, facelo asumir nesta proposta de resolución tal como está tratado, dixemos: ben, simplemente nós tampouco imos reclamar nin entrar nunha confrontación niso porque nós dicimos que o Senado debe ser unha Cámara das nacións, que houbo iniciativas do BNG presentadas en anos anteriores nese sentido. Non, nós non dicimos que o señor Fraga, nin sequera como presidente da Xunta, vaia asumir alí o que é unha postura do BNG. Polo tanto, dixemos: como isto é difícil de modificar, aí abstémonos. Tampouco imos votar en contra de que vostede leve unha iniciativa para unha reforma do Senado nesa dirección, simplemente nos abtemos porque non se pode.

Finalmente, señor presidente, na proposta de resolución respecto da Unión Europea é que aceptámo-los cinco puntos que vostede pon simplemente con que onde se di que o proxecto de lei que abre e estrutura vías de participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da posición do Estado na Unión Europea, sobre tal, tal..., poñamos “das comunidades autónomas segundo o seu rango constitucional e competencial”. ¡Pero é que é elemental! ¿É que as competencias de Galicia son atinxidas na mesma medida e na mesma maneira cualitativamente e en magnitude cás competencias de La Rioja polos tratados ou polos acordos da política europea e polas negociacións do Estado na política europea? ¿Son do mesmo xeito? ¿Non dixo o señor Fraga onte que o Estado non podía actuar na Comunidade Europea de maneira que se producise unha fraude constitucional porque a actuación da política europea e das instancias europeas deturpase o que está na Constitución respecto do xogo de estatutos de autonomía e de competencias? Claro, é algo que o Bloque dixo cando analizou o tratado de Maastricht e que onte parecía que Fraga asumía. Pero agora, por unha cuestión de que hai que poñer simplemente comunidades autónomas tampouco se acepta a nosa indicación e, polo tanto, non podemos votar a favor disto porque vai ser unha *ensalada rusa* -non soviética- o que pode saír de aquí se vai adiante.

Remato xa, señor presidente, só coa última puntualización, que se refire á Conferencia de Presidentes.

Consideramos que non está claro para que pode servir. Agora, se vostede quere ese xoguete, tampouco lle imos votar en contra. Parécenos que é irrelevante, que é incongruente co marco institucional do Estado. Pero quere ese xoguete, que haxa unha conferencia, unha especie de club de debate, unha especie de Siglo XXI institucionalizado en Madrid, ou algo así. ¡Moi ben, léveo! Nós non nos imos abster. Iso si, imos votar en contra da maneira na que vostede formula a do artigo 130 da Constitución. Aí xa non é un problema de absterse. É que vostede vai levar unha cousa adiante que nós, se simplemente nos abtemos, resulta que somos cómplices dun disparate en canto á *ensalada* que se vai montar; polo tanto, señor Fraga, lamento que agora a nosa posición teña que ser esta cando hai media hora estaba practicamente acadado un consen-

so pola flexibilidade da práctica democrática do BNG. Vostede saberá de que tipo é a súa inflexibilidade que dá lugar a que este Parlamento non poida adoptar por unanimidade uns acordos fundamentais para este país. Fundamentais como vostede dicía. Se son tan fundamentais hai que facilitar que se acorde.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, o noso grupo, en primeiro lugar, quere manifesta-la súa valoración absolutamente negativa en canto á estimación que das nosas propostas fixo o Grupo Popular; non obstante, a actitude negativa do Grupo Popular respecto das propostas de resolución do Grupo Socialista non condicionou un reflexo automático de comportamento das nosas, do noso comportamento respecto das propostas do Grupo Popular. E así, a partir de propostas anunciadas por nós tamén aquí en liña similar ou parecida ás do Grupo Popular, das cinco propostas do Grupo Popular, nós, introducindo modificacións sobre a transacción coas tres propostas que tiñamos, imos votar afirmativamente catro delas. É dicir, imos votar afirmativamente o 80% das propostas do Grupo Popular.

Unicamente nos manifestamos en contra da Conferencia de Presidentes por canto que nós non estamos de acordo con bastantes dos motivos que se argüíron no discurso do señor presidente para excluír da relación entre comunidades autónomas e Goberno central as relacións bilaterais. É máis, a rotundidade do señor presidente neste asunto, contradictoria con comportamentos do propio presidente, que en ocasións gustaba das relacións bilaterais, non nos dan que fiar. E aínda máis, pensamos que esa negativa absoluta das relacións bilaterais entre comunidades autónomas é unha estratexia do Partido Popular que non ten nada que ver con Galicia, senón que ten que ver coa estratexia do Grupo Popular de romper co pacto ou apoio que a nivel de goberno os nacionalistas cataláns lle prestan ó Goberno do Estado. Unha estratexia que, unicamente, busca un obxectivo que é provocar unha convocatoria de eleccións xerais anticipadas. Utilizar Galicia como almoeda para provoca-la convocatoria de eleccións anticipadas no Estado e escondo

delo baixo a idea dunha Conferencia de Presidentes - sobre a que temos outros motivos para non aceptala - desde logo non nos parece ben.

Da resposta do Grupo Popular ás nosas propostas, amén de manifesta-la valoración totalmente negativa, imos pedi-la votación por separado dunhas poucas, non porque esas sexan as únicas que queremos votar por separado, senón porque esas que eliximos para votar por separado desexamos que sexan para aqueles que nos oen, que nos ven ou que se van informar máis pola prensa, para que se decaten de a que tipo de cousas se pode chegar a dicir que non. E fago unha escolma pequeniña nesa selección de propostas para votar por separado.

Non aceptan, e pedímo-la votación por separado, que o presidente da Xunta compareza, en definitiva, algunha vez máis ca unha vez ó ano para contestar preguntas. Que se saiba que o Grupo Popular mantén a posición de que o presidente da Xunta só veña unha vez a este Parlamento ó ano. A nós, que gustamos tanto da presenza do señor presidente, que gustamos tanto do seu verbo fluído, gustaríanos poder ter ocasión de forza-la súa actuación nesta tribuna.

Estas son flores. Logo voulle dicir unha que non é flor, ou, polo menos, que leve espiñas.

Vótase en contra de que a Xunta se implique no intento de salva-lo sector naval. Se se está a favor, voten a favor. A min non me veñan con leiras.

Vótase en contra de acabar co uso irregular dos coches oficiais. Eu non sei como se pode votar en contra disto. Non o podo entender e supoño que os cidadáns deste país non poderán entendelo tampouco.

Vótase en contra tamén de que nos aclaren aquí neste Parlamento a historia da política empresarial de FENOSA, de que nos digan por que fan favores a unha empresa que con Galicia non ten un comportamento que os galegos teñamos que agradecer, salvo que nos ameacen con cortárno-la luz por falta de pagamento, pero, en fin, eu xa comprei pilas por se acaso.

Imos pedir votación por separado, tamén como símbolo, da proposta na que dicíamos que se promove no Parlamento o proxecto de lei que desenvolva o apartado 3 do artigo 2 do Estatuto de Autonomía re-

lativo á organización territorial de Galicia. Que pidamos que se faga algo que está escrito no Estatuto e que se vote que non, pois tampouco é comprensible; e así hai moitas outras que son votacións absolutamente incomprensibles e, desde logo, con pouca vontade de transaccionar.

Non me vou estender xa moito máis. Xa sei que me podía estender porque tamén gozan do meu verbo non sei se florido ou cáldo, pero gozar, gozan; algo é algo, a riqueza intelectual sempre vén ben.

Das propostas do Bloque imos votar unicamente en contra de tres; é dicir, se non me saen mal as contas deben ser ó redor dun 5%. En contra das nosas o Partido Popular vota en contra do 95 ou do 99%. Recordo que nós votamos a favor do 80% do Partido Popular. Isto dos números permite todo.

E un último apuntamento: votamos a favor, aínda transaccionando e aceptando cousas do Grupo Popular; e con toda seriedade xa llo vou dicir, señor presidente: votámoslo a pesar de que non nos fiamos moito.

Si, fiámonos pouco. Eu non sei se vostede se fía de nós. Nós de vostede fiámonos pouco. Fiámonos pouco porque, efectivamente, -voullo resumir cunha cita súa tamén para que vexa que o sigo- vostede dicía nun libro de conversas, referíndose a un político catalán actual, como non podía ser menos, que era o Alcibiades do noso tempo. E o autor do libro dicía, que Alcibiades pasou, ou é considerado, como prototipo de político de non fiar. Nós tamén pensamos que vostede é o Alcibiades en Galicia e por iso non nos fiamos. E aínda así, apoiámo-lo 80% das súas propostas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Cortizo.

Ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, eu non vou romper nin moito menos o principio de consenso que durante o diálogo tiñemos-los portavoces no que, efectivamente, houbo esforzos constructivos, se ben eu quixera remendar un aserto do señor Beiras no sentido de que, reiterativamente, afirmei, e con absoluta contundencia, que,

evidentemente, certas propostas do Bloque eu tiña que as consultar. O resultado é o que é, pero ese principio de consenso, de cordialidade, de espírito constructivo, non o vou romper nesta intervención. Señor presidente, como queira que, nas nosas propostas de resolución, co Partido Socialista se chegou ó absoluto consenso na votación de todas salvo unha, pero con certos retoques, eu fareillo chegar ó final, pero vou ler aquí en alta voz para os efectos de constancia e para os efectos de verificación de que a redacción que finalmente se lle dá, coincide coa que exactamente vou ler eu agora.

Respecto da primeira proposta de resolución, que se refire ó Senado, mantense absolutamente íntegra pero coa seguinte modificación inicial: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado que poña en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e redacción dun proxecto de reforma constitucional limitada que configure o Senado como unha auténtica Cámara de representación territorial, sobre a base” -este é o engadido- “do consenso acadado na redacción da propia Constitución, tomando como posibles puntos de partida os que figuran no anexo”. E o anexo son xustamente eses puntos que antes formaban parte integrante da proposta e que agora seguen formando parte integrante pero como anexo.

Na segunda das propostas de resolución, tamén formulada polo Grupo Popular, e que atinxe ó Consello Económico e Social, houbo as seguintes modificacións -resaltareinas conforme as vaia lendo-: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno do Estado a elaboración dunha norma que faga realidade as previsións do artigo 131 da Constitución mediante a creación dun Consello Económico e Social do que formen parte as comunidades autónomas sobre a base dos seguintes puntos -bórrase o punto 2, que é aquel que reitera a presenza das comunidades autónomas, anunciada xa no encabezado e, polo tanto, innecesaria, e engádesse, e resaltando, en todo caso o seguinte-: “A obriga do Goberno de elaboralos proxectos de planificación de acordo coas previsións que lle sexan subministradas polas comunidades autónomas”. Con isto recibe resposta o señor Beiras -aínda que ausente- no sentido de que a súa dialéctica de demostración xustamente desta proposta do Partido Popular, do Grupo Popular, no

sentido de que *igualizaba* ou, mellor dito, confundía as comunidades autónomas coas sindicatos, coas organizacións empresariais, chamadas simplemente a informar e non a decidir mediante propostas, iso queda absolutamente clarificado con este engadido que aquí se acaba de introducir; polo tanto desapareceu, se as súas señorías lles parece ben, o motivo que lles impedía adherirse a esta proposta.

Na terceira proposta, as súas señorías parece ser que non están de acordo na súa votación, postura que, evidentemente, respecto. Refírese á creación da Conferencia de Presidentes de Comunidades Autónomas, que non se trata dun foro paralelo nin dun novo Senado. Trátase, simplemente, de que asuma os cometidos que aquí se enumeran e que, en definitiva, tenden a ser cuestións que vinculan o diálogo, que fluidifican as relacións e que, en definitiva, garanten quizabes esta igualdade, esta xusticia e esta solidariedade que nós predicabamos onte.

Na cuarta das propostas tamén hai unha lixeira modificación, tan só no encabezado, engadindo tamén o termo *anexo*. “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que poña en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e redacción dun proxecto de lei que abra e estructure vías de participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución da posición do Estado na Unión Europea tomando como punto de partida ou debate os puntos do anexo seguinte”. Encardínanse estes cinco puntos como anexo.

Respecto da última proposta de resolución engadíuselle tamén á proposta, por requirimento do Grupo Socialista, unha frase final sen máis modificacións. Onde se di que colaboren todos no que é a potenciación do campus de Ourense, ó final engadiuse: “...na procura de potencia-lo campus de Ourense”. Isto implicitamente estaba dito, pero déixase constancia diso de xeito expreso.

Dito isto, señorías, unhas levisimas puntualizacións simplemente á dialéctica aquí vertida en contraposición.

O Senado e o Consello Económico e Social foron propostos nesta Cámara como o que son, como organismos horizontais do Estado que arrancan da filosofía tan reiterativamente exposta onte da solidariedade

e da xusticia distributiva. Non poden constituír en si mesmos a diferenciación das comunidades autónomas, ou das nacionalidades históricas, termo que nós utilizamos reiterativamente asignándollo a Galicia, a Euskadi e a Cataluña, que, efectivamente, o teñen recoñecido na Constitución. A diferenza entre as comunidades autónomas hai que buscala na súa propia identidade, nunca nos organismos horizontais que conforman o Estado español. O nivel competencial é o que é, e o rango de nacionalidade histórica dánolo a Constitución sen necesidade de que o plasmemos en ningunha proposta de resolución de xeito específico, resaltando que é absolutamente obvio. Son propostas, insisto, sobre o común e non sobre o acervo competencial ou rango de cada comunidade autónoma. É o común e cada cal ten o rango que ten, o nivel competencial que ten e isto é absolutamente certo.

Acaece, e a min paréceme que é así, que, sinceramente, insisto, non vou agree-lo debate e, é máis, agrázolle profundamente ó Bloque o seu anuncio de abstención respecto das nosas propostas de resolución salvo unha sobre a que din que van votar en contra. Respecto todo isto pero, en todo caso, o Grupo Parlamentario Popular agradece iso porque é un recoñecemento explícito de que, en definitiva, supoñen un avance respecto do estado actual de organización do Estado das autonomías, e valla a redundancia. Pero a min dáme a sensación de que vostedes cando falan así e intentan a diferenciación puramente dialéctica fano un *pouquiñín* desde a síndrome do que agora xa non é independentismo e o que vostedes lle chaman autodeterminación. Certamente así é. E entón queren o distinguo incluso no común, naquilo que están dispostos a atopar na suma do federalismo. Ata aí pretenden o distinguo, e eu creo sinceramente que aquí está a súa gran contradición. É dicir, estas propostas en si mesmas, nin coa redacción A nin coa redacción B nin co engadido Z, créanme de veras, desde a súa postura que, reiterativamente, levan exposto, é posible aceptalas. Por iso, insisto, tanto agradezo e valoro como unha postura constructiva a súa abstención. Pero créanme de veras, cada vez que falan do Estado federal e a reconversión desde o independentismo ou federalismo que pretenden, a reconversión desde o independentismo que noutros momentos predicaron o que é a autodeterminación... (*Pronúncianse palabras desde o escano que non se entenden*) ...que as súas señorías postulan na súa propia proposta de resolución co re-

coñecemento específico do dereito á autodeterminación -iso puxéronno aí por escrito e pretenden que lles sexa aprobada por esta Cámara-, comprenden as súas señorías que ofrece xustamente dificultades doctrinais e políticas neste momento de difícil superación, que é o que vostedes non nos explicaron nesta Cámara.

Cando se fala de Estado federal, as súas señorías saben que é a suma de estados federados. Saben que a soberanía inicialmente radica nos estados federados. Desde esa postura, eu pregunto, señorías, ¿é nula a Constitución na que contraditoriamente tratan de apoiarse despois? ¿Son nulos os estatutos de autonomía? ¿Hai que empezar outra vez a vertebralo Estado desde a orixe, desde a soberanía -que vostedes falan dela- dos estados federados para logo despois nun sumando atopa-lo común? E a miña gran pregunta, e rógolles que ma expliquen. E se os demais non pretenden, non desexan, non buscan o federalismo que vostedes predicán, ¿que facemos?, ¿cal é o noso destino?, ¿cal é a nosa situación?, ¿cal é o noso punto relacional?, e, en definitiva, ¿cal é a nosa óptica de futuro? Isto é sinceramente o que nos deixaron vostedes..., é o que nos impide a nós votar e aceptar esa proposta de resolución que nos propuxeron, é o que nos impide nin tan sequera absternos. Imos votar que non, porque realmente as explicacións recibidas non foron as suficientes. Pero, en todo caso, eu dígolles e reitírolles que, desde logo, estimo, primeiro, a súa postura de abstención; segundo, o feito de que xa se confesen federalistas e, terceiro, o feito de que así publicamente o pretendan nunha proposta de resolución. Pero preguntolles unha vez máis: ¿como se combina isto co dereito a autodeterminación exercible a renglón seguido? Unha vez constituídos en Estado federal, ¿ímonos?

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Señor Portomeñe, se fai chegar á Mesa o texto lido, agradécelles despois ós señores portavoces o auxilio ós servicios da Cámara para a súa trascrición.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, os textos están manuscritos e vou intentar pasalos a efectos de que quedase constancia...

O señor PRESIDENTE: Como están lidos os textos e gravados para o *Diario de Sesións*, non hai dúbida ningunha para a redacción definitiva.

(Pide a palabra o señor González Suárez).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor González Suárez?

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Señor presidente, nalgunhas das propostas de resolución que lles imos aceptar ós señores da oposición, se non se rectifica algunha palabra que eles mesmos saben, unha frase, etc., vai quedar mal. Eu quería, en cada unha delas que eu lle anunciei aquí, le-lo texto que aquí se propón consensuado entre os dous grupos.

O señor PRESIDENTE: Os grupos teñen a palabra.

Ten a palabra o señor Rodríguez Sánchez.

O señor RODRÍGUEZ SÁNCHEZ: Si, señor presidente, sen ánimo de reabri-lo debate, aínda que sería posible, despois da exposición do señor Portomeñe que, por certo, quero recordarlle que vostede lle chamou a atención ó señor Beiras por intervencións que, desde logo, non ían aproveitando o tempo no sentido no que agora quería facelo o señor Portomeñe intervindo ó final.

O que si lle quero dicir é que nós nos estamos posicionando por aquilo que se vai votar, e entón, o que non se pode é mistificar e furtarlle á Cámara un debate deixándonos a nós calados lanzando unha serie de insidias que non estaban no noso espírito constructivo. E quérolle repetir ó señor Portomeñe que hai dúas maneiras: ou camiñar cara adiante ou retroceder cara atrás. Desde logo, temos moi claro que vostedes o que queren é mante-la sacra unidade de España conforme uns criterios onde Galicia non pinta nada. O noso criterio é distinto, e, ademais, en canto ó cualificativo de...nacionalista...

O señor PRESIDENTE: Señor deputado, non reabra o debate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ SÁNCHEZ: ...non empegue outro, porque nós chamámonos así, Bloque Nacionalista Galego; e, desde logo, a alternativa polí-

tica que nós defendemos defendémola nós positivamente e non nola ten que traducir nin interpretar vos-tede, ¿de acordo?

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

A Presidencia lamentaría terse equivocado na dirección do debate, pero entende que, en relación coas intervencións habidas nesta rolda, lle parece que foi equilibrada a intervención do señor Portomeñe.

Con respecto á petición que se facía, ¿hai algunha posibilidade de rectificación con respecto a estas emendas, despois do ofrecemento de modificación por parte do portavoz do Grupo Popular?

(Pide a palabra o señor Suárez Canal).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Suárez Canal?

O señor SUÁREZ CANAL: Nós o que pedimos é que se voten por separado, como xa expuxo o noso portavoz, que si utilizou a rolda para posicionarse sobre as emendas do Grupo Popular. Pedimos que se voten por separado. Tiñámolas numeradas doutra maneira, pero parece ser que a número 1 e a número 2 son as referentes ó Senado e ó Consello Económico e Social, por un lado. A número 3 e a número 4 que son as referentes á Conferencia de Presidentes e ó que fai referencia ó Estado e a Unión Europea, por outro; e por fin, a 5, que é a do campus universitario de Ourense.

O señor PRESIDENTE: Como son cinco e hai diversos posicionamentos dos grupos, imos votalas cinco por separado para evitar conflitos.

(Pide a palabra a señora Porteiro García).

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Porteiro?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Señor presidente, respecto daquelas do noso grupo que van ser votadas a favor, segundo anunciaron os portavoces do Grupo Popular, hai cambios de redacción. Cambios nalgúns casos substanciais e noutros non tanto. Eu lle diría que, como tampouco son tantas, se dese lectura

ó texto definitivo no momento en que se produza a votación.

O señor PRESIDENTE: De acordo. Votamos a man alzada.

Ponse a votación a proposta de resolución número 1 que é a que propón que se poñan en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e redacción dun proxecto de reforma constitucional limitado que configure o Senado como unha auténtica Cámara territorial.

Ponse á votación coa modificación á que deu lectura o señor portavoz e que consta así para efectos da acta e na gravación do *Diario de Sesións*.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a resolución número 2, que é a que propón a elaboración dunha norma que solicite do Goberno do Estado a lei que faga realidade as previsións do artigo 131 da Constitución. Está identificada polas reformas lidas polo portavoz do grupo proponente.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a resolución número 3, que é a que propón que se solicite do Goberno do Estado o estudio e a redacción dun proxecto de lei que faga realidade a constitución e regulación dunha Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 18; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a resolución número 4, que é que insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que poña en marcha os mecanismos precisos de cara ó estudio e redacción dun proxecto de lei que abra e estructure vías de participación das comunidades autónomas no proceso de formación e execución do Estado na Unión Europea.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Ponse a votación a resolución número 5.

A resolución nº 5 é a que insta a Xunta de Galicia a que, conclusos xa os trámites, se potencie ó campus universitario de Ourense.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada.

Pasamos ás propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Son as emendas 1 a 67, agás a 46. A modificación da 63 coa supresión dos parágrafos 2 e 3 e a retirada da número 3 que acaba de ser votada nunha nova redacción.

(A señora Porteiro García pide a palabra).

¿Si, señora Porteiro?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Pediría a votación por separado dunha serie delas que van ter un voto negativo ou de abstención pola nosa banda, para facilitalo debate conxunto do resto.

O señor PRESIDENTE: ¿Quéreme dici-los nú-

meros, por favor?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Si, señor presidente. Son a número 4, 9, 10, 27, 30, 45, 51, 54, 67, 49 -perdón polo salto-, 57, 61, 65 e a número 66.

O señor PRESIDENTE: ¿Estas nun bloque ou por separado cada unha delas?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Pedímo-lo voto por separado de cada unha delas. Se quere vostede, para facilitar aínda máis as cousas, pediríamos nun único bloque a 54, a 67 e a 49.

O señor PRESIDENTE: ¿E as outras, cada unha delas separadas?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Non, non, noutro bloque, e o resto tamén noutro bloque.

O señor PRESIDENTE: ¿O Bloque Nacionalista Galego non solicita ningún cambio?

(Pide a palabra o señor González Suárez).

¿Si, señor González Suárez?

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: O Grupo Parlamentario Popular quere que se voten separadamente as seguintes que lle vou dicir: A número 8, 19, e 21 cunha modificación da que eu lle darei o texto consensuado co señor voceiro, a número 22 no mesmo sentido, a número 24 e a número 26 tamén, a número 51, 53, 55 e 62 como están.

O señor PRESIDENTE: Ben, ¿nun só bloque ou por separado cada unha delas?

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Estas todas xuntas.

O señor PRESIDENTE: A ver se as ordenamos entón.

Separámo-la proposta de resolución número 51 porque dous grupos piden por separado e débese separar.

Entón votariamos un primeiro grupo de propostas de resolución que serían as correspondentes ós números 4, 9, 10, 27, 30, 45, 57, 61, 65 e 66.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 41; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución número 54, 67 e 49.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 59.

resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a emenda número 51, que pedían os dous grupos por separado.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución número 51.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución números 8, 19, 21, 22, 24, 26, 53, 55 e 62. Con respecto á 21 unha matización na súa redacción que o señor González Suárez quería comunicar, segundo anunciou.

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Pasareille á Mesa o texto que foi consensuado.

O señor PRESIDENTE: ¿É coñecido polos voceiros dos grupos parlamentarios, polos grupos? Pódense entón votar coa rectificación que se fará pasar ós servicios da Cámara.

Póñense a votación conxuntamente as propostas de resolución, 8, 19, 21, 22, 24, 26, 53, 55 e 62.

(Votación). (Pausa).

Quedan aprobadas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación o resto das propostas de resolución do Grupo Parlamentario do BNG que non foron votadas.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora ás emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora PORTEIRO GARCÍA: Como xa anunciou o noso portavoz, nós queriamos pedi-lo voto separado dunha serie delas e, por outra banda, con respecto a aquelas que foron anunciadas como voto favorable do Partido Popular propóñolle ó presidente, se lle parece ben ó resto dos grupos, que lle entreguemo-lo texto redactado ó remate da sesión ou, se quere vostede, eu léoas unha por unha.

O señor PRESIDENTE: Ós servicios da Cámara despois.

A señora PORTEIRO GARCÍA: Pedímo-lo voto separado, señor presidente, da número 10, 13, 16, 17, 18, 21, 24 e 26.

O señor PRESIDENTE: ¿Estas pódense votar conxuntamente, non?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

(Pide a palabra o señor Suárez Canal).

O señor SUÁREZ CANAL: Nós solicitamos que se reparta en tres grupos a votación. Nun grupo estarán as emendas, perdón, as resolucións números...

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Suárez Canal, que así xa non son eu só.

O señor SUÁREZ CANAL: As resolucións -é

que é contaxioso- números 1, 2, 3, 6, 8, 9, 17, 19, 25, 28, 29, 34, 35, 42, 62, 97, 100, 117, 121, 122, 129, 133, 139, 143, 151 e 153. Esas todas nun grupo e a 179 no mesmo grupo tamén.

O señor PRESIDENTE: A 179.

O señor SUÁREZ CANAL: Tamén nese grupo.

O señor PRESIDENTE: Un momento, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: Noutro grupo a 51, 63, 73 e 116.

E, por fin, un terceiro grupo, que serían as restantes.

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Señor Suárez Canal, a proposta de resolución 129 non está viva, suprimímola entón.

E logo a 17, que piden os dous grupos que se vote separadamente, polo que faremos outro grupo.

(Pide a palabra o señor González Suárez).

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: A proposta nosa é a número 4, 30, 47, 105, 106, 107, 109, 110, 130 e 157. Despois hai catro máis que non teñen o número, polo tanto eu non o podo dicir, señora Porteiro.

O señor PRESIDENTE: Repetimos este último grupo, do que o Grupo Popular solicita a súa segregación. Números 4, 30, 47, 105, 106, 107, 109, 110, 130 e 157. ¿Podemos identificar, señora Porteiro, as outras catro?

A señora PORTEIRO GARCÍA: Desculpe, señor presidente, eu só teño constancia dunha máis, que é a que se corresponde co número 70, que en particular é a que fala dunha normativa nova para o acceso ás vivendas sociais, as outras tres non as coñezo.

O señor PRESIDENTE: ¿A 70 votaríamola por separado?, ¿ou é a que pide a separación o Grupo Popular tamén?

Votamos, logo, en primeiro lugar, a separación pedida polo Grupo Parlamentario Socialista.

Póñense a votación as emendas números, 10, 13, 16, 18, 21, 24 e 26.

¿Están identificadas, señores portavoces?

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Ponse a votación a emenda número 17, da que o Grupo do BNG e polo Grupo Socialista piden a segregación.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución número 17.

Que conste no Diario de Sesións que sempre que a Presidencia di emenda quere dicir proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución números, 1, 2, 3, 6, 8, 9, 19, 25, 28, 29, 34, 35, 42, 62, 97, 100, 117, 121, 122, 133, 139, 143, 151, 153 e 179.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Propostas de resolución números 51, 63, 73 e 116.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: vo-

tos a favor, 18; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación as propostas de resolución números 4, 30, 47, 70, 105, 106, 107, 109, 110, 130 e 157.

(Votación). (Pausa).

Quedan aprobadas por unanimidade.

Resto das propostas de resolución do Grupo Socialista que non se votaron.

(Votación). (Pausa).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

Con isto remátanse as votacións, esgótase a orde do día da sesión e a Presidencia agradécelles ás súas señorías a colaboración prestada.

Levántase a sesión

Levántase a sesión ás oito e vinte minutos da tarde.